

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída N.º 201500014153
07/08/15 11:59:37

RESOLUCIÓN REITORAL DO 07 DE AGOSTO DE 2015 POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DE CINCO BOLSAS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PROGRAMA DO “PLAN DE SUSTENTABILIDADE E MEDIO AMBIENTE (PLAN SUMA)” PARA O CURSO ACADÉMICO 2015/16.

No Consello de Goberno do 18 de decembro de 2007 aprobouse o “Plan de sustentabilidade e medio ambiente (Plan SuMA)” na Universidade de Vigo. Comprende sete programas relativos a: os estudos e a implantación de iniciativas relacionadas coa eficiencia enerxética e as enerxías renovables; a reciclaxe de residuos; o medio natural e patrimonial; o transporte; as instalacións singulares; a colaboración e a sensibilización social.

Ante a necesidade de seguir realizando actividades de formación do estudantado nos centros da Universidade de Vigo e nas Áreas da Vicerreitoría de Economía e Planificación e en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta Universidade, esta Reitoría RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria de cinco bolsas para a formación complementaria do alumnado da Universidade de Vigo no “Plan de sustentabilidade e medio ambiente(plan SuMA)”.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo e na páxina web <http://bolsas.uvigo.es>.

As bolsas solicitaranse no modelo oficial **ata o 10 de setembro de 2015**.

As solicitudes presentaranse xunto coa documentación esixida no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou por calquera outro dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á sua publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes mencionado, en tanto non recaia resolución expresa do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 07 de agosto de 2015

O reitor

Por delegación RR/7/05/2014 (DOG 13/05/2014)
O vicerreitor de Economía e Planificación



José Manuel García Vázquez

Dilixencia para facer constar que esta resolución publicase nos taboleiros de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo, con data 7..... de agosto de 2015
O xefe da Área de Bolsas

Francisco Navaza Dafonte

BASES DA CONVOCATORIA DE CINCO BOLSAS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PROGRAMA DO “PLAN DE SUSTENTABILIDADE E MEDIO AMBIENTE (PLAN SUMA)” PARA O CURSO ACADÉMICO 2015/16.

I. OBXECTO

O obxecto das bolsas é a formación complementaria do estudantado da Universidade de Vigo no ámbito do programa do “Plan de sustentabilidade e medio ambiente (plan SuMA)”.

II. PERSOAS DESTINATARIAS

Estas bolsas están destinadas ao estudantado da Universidade de Vigo do ámbito científico-tecnolóxico que estea matriculado no curso académico 2015/2016 en estudos conducentes a obter un título oficial de grao, máster, enxeñaría ou licenciatura.

Quedan incluídas as persoas que estean a realizar o proxecto de fin de carreira (PFC) ou a tese de licenciatura.

En todo caso, as persoas solicitantes deberán ter superados o 50% dos créditos totais dos estudos de grao, licenciatura e enxeñaría; ou o 100% dos créditos da titulación que lle da acceso ao máster. O último día da presentación das solicitudes será o que se teña en conta aos efectos de determinar a superación destes créditos.

III. CARACTERÍSTICAS DAS BOLSAS

Os perfis das persoas candidatas destas bolsas deberán atender as seguintes características, que enmarcarán o ámbito da selección e da formación no que se desenvolverá cada bolsa:

- **O medio ambiente e a natureza nos campus:** (1 bolsa para o campus de Vigo, 1 para o campus de Pontevedra e 1 para o campus de Ourense)
 - A educación e a sensibilización ambiental, desenvolvendo como monitores as campañas de educación ambiental en distintos itinerarios ambientais.
 - A conservación e a promoción do medio natural e patrimonial.
 - A elaboración de inventarios florísticos e faunísticos.
 - As labores de eliminación de especies invasoras.
 - A recuperación de espazos degradados.
 - As actuacións para a disminución dos impactos ambientais.
 - A recompilación dos datos e elaboración dos estudos da pegada ecolólica e de carbono.
 - Os estudos de mellora e o seguimento para a reutilización e a reciclaxe dos residuos producidos.
 - Os sistemas de xestión ambiental.
 - O seguimento de consumos de recursos naturais.
 - O estudo dos recursos hídricos subterráneos e superficiais do campus Lagoas-Marcosende, co fin do seu aproveitamento sustentable para a rega e a creación e o mantemento de hábitats naturais.
 - O desenvolvemento de campañas para o fomento do transporte eficiente e sustentable dende o punto de vista ambiental.

- **As enerxías sustentables e a eficiencia enerxética:** (1 bolsa para o campus de Vigo)
 - Os estudos e a recompilación de datos sobre a eficiencia e a sustentabilidade enerxética das estruturas, instalacións e edificacións.
 - O cumprimento da normativa.
 - O seguimento e a redución dos consumos.
 - As aplicacións e a promoción das instalacións de enerxías renovables.
- **O aproveitamento de residuos de aparellos eléctricos :** (1 bolsa con sede en Vigo)
 - A recollida e o seguimento de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs).
 - A reparación e a reutilización de equipos eléctricos para o seu aproveitamento e a súa xestión como residuo.

IV. INCOMPATIBILIDADES

O goce das bolsas de formación complementaria é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalguna entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

Os bolseiros e as bolseiras que estean a gozar dunha bolsa para a formación complementaria só poderán participar nunha nova convocatoria de bolsas do mesmo obxecto no caso de tratarse de convocatorias que substitúan a outras que finalizan.

O goce destas bolsas será incompatible con calquera outra bolsa de colaboración ou formación complementaria convocada pola Universidade de Vigo. Ademais, o estudantado non poderá gozar dunha bolsa co mesmo obxecto, «colaboración ou formación complementaria do estudantado da Universidade de Vigo», por un período igual ou superior a vinte meses, contados de forma consecutiva ou descontinua. Este límite terase en conta no momento de avaliación dos méritos. O cómputo do tempo como persoa bolseira farase por meses completos. Se a bolsa se inicia antes do día 15 ou finaliza despois, incluído este, computarase como un mes enteiro para o cálculo do límite dos vinte meses.

No caso de que a persoa bolseira goce doutra bolsa distinta ás de axuda ao estudo convocadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, deberá solicitarlle ao vicerreitor de Economía e Planificación a súa compatibilidade. No caso contrario, poderá ser causa de anulación da condición de persoa bolseira ao que se refire esta normativa.

V. DURACIÓN

A duración máxima de cada bolsa será de 11 meses e remata o 31 de outubro de 2016 (non se inclúe o mes de agosto).

O número máximo de horas semanais será de 20.

VI. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A dotación económica bruta de cada bolsa será dun máximo de 5.280,00€ (480,00€ brutos/mes) e estará suxeita á retención do I.R.P.F. e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza a normativa vixente nestas materias.

Os fondos destinados a esta acción irán a cargo das seguintes aplicacións orzamentarias:

- **2015 00EP 311VSUM 48211:** o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 5.148,90€ (4.800,00€ pola dotación bruta das bolsas e de 348,90€ en concepto de cota patronal).

Universidade de Vigo

- **2016 00EP 311VSUM 48211:** o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 23.170,05€ (21.600,00€ pola dotación bruta das bolsas e de 1.570,05€ en concepto de cota patronal).

O pagamento farase por períodos mensuais vencidos nos primeiros sete días. Retribuiranse as horas realizadas nese período segundo o establecido nesta convocatoria (máximo 20 horas semanais). Para facelo efectivo, a persoa beneficiaria da bolsa debe estar ao corrente coa Universidade nos seus pagos de matrícula.

Se a actividade a desenvolver pola persoa bolseira en cada mes non se adecúa ás condicións fixadas nesta convocatoria e para poder adecuar o pago á actividade real realizada, a persoa coordinadora emitirá un informe no que fará constar a actividade realizada nese período e achegarao á Área de Bolsas antes do día 25 do mes en curso. Este informe pode ser tido en conta en futuras convocatorias.

VII. ORGANIZACIÓN

Os bolseiros e as bolseiras estarán baixo a responsabilidade da persoa coordinadora que será o director da Área de Prevención e Calidade Ambiental da Universidade de Vigo. Poderase delegar nun titor ou titora o seu seguimento.

O tempo de dedicación estará comprendido entre un mínimo de 10 e un máximo de 20 horas semanais, tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico. Excepcionalmente, tras a oportuna xustificación, poderase establecer outro tempo de dedicación sempre e cando non supere o 50% do curso académico de acordo co dispuesto no artigo 5.1.b) do Real decreto. 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario.

A dedicación de cada bolseiro e bolseira debe adecuarse á súa carga lectiva. Poderá solicitarlle á persoa coordinadora ou titora un horario axeitado, o cal poderá, excepcionalmente, distribuir e compensar ata un máximo do 20% das horas de dedicación dun mes entre as distintas semanas dentro do mesmo mes.

VIII. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTOS

As bolsas solicitaranse no modelo oficial (véxase o anexo I) dende o día seguinte á publicación desta convocatoria ata o día **10 de setembro de 2015**.

A solicitude presentarase xunto coa documentación esixida no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Xunto coa solicitude, as persoas solicitantes, deben presentar os seguintes documentos:

- currículo, indicando os cursos de formación realizados que considere de interese para o desenvolvemento da bolsa xunto coas copias dos documentos acreditativos.(A Comisión de Valoración de consideralo oportuno poderá requisir a aportación dos orixinais)
- A certificación académica oficial dos estudos realizados fóra da Universidade de Vigo.
- xustificante de estar en posesión de bolsas distintas ás de axuda ao estudio; de ser o caso.
- informe da persoa directora; no caso de realizar o proxecto fin de carreira (PFC) ou a tese de licenciatura.
- A declaración co compromiso de matrícula para o curso 2015/16 (no caso de non tela formalizada) e o compromiso de matrícula para o curso de 2016/17.
- A fotocopia do NIF, NIE ou pasaporte en vigor..
- A ficha persoal de pagamentos (véxase o anexo II)

Ás persoas solicitantes tamén se lles poderán requisir que acheguen aqueloutros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

Universidade de Vigo

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obligatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa e académica do seu expediente; a oferta e a prestación de servizos universitarios; a realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliaciós e enquisas; o seguimento dos servizos universitarios prestados; así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e a prácticas en empresas.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia-Servizos Centrais, campus universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

IX. SELECCIÓN

Unha vez recibidas as solicitudes, a ÁREA de Bolsas, comprobará que cumplen os requisitos básicos da convocatoria e publicará a listaxe de persoas admitidas e excluídas provisional. Así mesmo, indicará os motivos de exclusión e daralles un prazo de cinco días hábiles para emendar os errores e achegar a documentación requirida, advertíndoselles ás persoas solicitantes que, no caso de non facelo, se lles dará por desistidos neste proceso.

Emendados os errores, a ÁREA de Bolsas elaborará e publicará a listaxe de persoas admitidas e excluídas definitiva, indicando o motivo de exclusión de ser o caso. Ao mesmo tempo, achegará á Comisión de Valoración as solicitudes e a documentación a través do correo electrónico.

O proceso de selección farase por unha Comisión de Valoración designada polo vicerreitor de Economía e Planificación e que estará formada por:

- O director da ÁREA de Prevención e Calidade Ambiental da; don Benedicto Soto González, que será o presidente.
- O técnico superior da ÁREA de Xestión Ambiental; don Sergio Ramos Felípe
- A técnica superior do Servizo de Prevención de Riscos Laborais; dona María José Montero Vilariño

A Comisión valorará as candidaturas tendo en conta os seguintes criterios e baremos:

Tipo bolsa	Nota do expediente	Expediente vinculado	Cursos de Formación	Outros méritos
Oficina de Medio Ambiente (Plan SuMA)	30%	40%	20%	10%

As materias vinculadas deberán ter relación cos programas do “Plan de sustentabilidade e medio ambiente (Plan SuMA)” da Universidade de Vigo:

- Programa ESE: Eficiencia e sostibilidade enerxética
- Programa R3: Reciclaxe e reutilización de residuos (en particular a electrónica e a reutilización/reparación de equipos eléctricos e electrónicos, RAEEs informáticos)
- Programa CONTORNOS: Contorno natural e patrimonial
- Programa TP: Transporte
- Programa ISI: Instalacións singulares de I+D

Universidade de Vigo

- Programa CCS: Colaboración e compromiso social
- Programa DIS: Difusión e sensibilización

Os criterios específicos de valoración que aplicará a Comisión de Valoración serán os seguintes:

Para o cálculo do expediente vinculado, teranse en conta as materias superadas polo alumno que teñan unha vinculación directa cos programas do Plan de Sustentabilidade e Medio Ambiente. Cada unha destas materias multiplicarase pola cualificación obtida polo alumnado, así como polo número de créditos que teña a mesma. O resultado desta operación dividirase polo número total dos créditos vinculados. Por último, a esta operación sumaráselle un coeficiente corrector de 0,05 por cada unha das materias superadas.

Nota media exp.vinculado.= $\frac{\sum(\text{Cualificación} \times \text{Nº créditos/materia})}{\text{Nº créditos totais vinculados}} + 0,05 \times \text{materias superadas}$

A puntuación total do alumno será a suma dos catro apartados anteriores.

Rematado o proceso de selección pola Comisión, a Área de Bolsas publicará a resolución provisional das persoas seleccionadas e das persoas excluídas xunto cos seus motivos. As persoas interesadas, disporán dun prazo de cinco días hábiles, que contarán dende o día seguinte a publicación, para presentar as alegacións que consideren.

Revisadas as alegacións pola Comisión e remitidos os acordos correspondentes, a Área de Bolsas elaborará e publicará a resolución definitiva das bolsas concedidas e a listaxe de agarda por orde de maior a menor puntuación que usarase para cubrir as posibles renuncias que poidan producir.

X. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas bolseiras propostas presentaranse ante a persoa coordinadora no día, no lugar e na hora indicados na resolución definitiva. Transcorrido este prazo, entenderase que a persoa que non se presente renuncia aos beneficios da bolsa e o seu posto será ocupado por outra persoa solicitante atendendo á listaxe de agarda.

A renuncia voluntaria á bolsa farase por escrito e comunicarse á persoa coordinadora con 20 días de antelación. A renuncia sen causa xustificada penalizará e impediralle o acceso a outra bolsa co mesmo obxecto durante un período de 12 meses. O vicerreitor de Economía e Planificación será a persoa encargada de avaliar as causas alegadas.

XI. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas que se beneficien destas bolsas teñen as seguintes obrigas:

- Colaborar no programa do “Plan de sustentabilidade e medio ambiente (Plan SuMA)” e completar o seu plan formativo.
- Compromiso de matrícula para o curso 2015/2016 (de non tela formalizada) e 2016/2017.
- Solicitar a compatibilidade no caso de gozar dunha axuda distinta ao estudio.
- Comunicar calquera variación na súa situación laboral.

XII. REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión das bolsas e a permanencia na listaxe de agarda será revogada polos seguintes motivos:

- O incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria no punto XI.
- A ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información solicitada.

Universidade de Vigo

- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas no punto IV da convocatoria.
- A emisión dun informe desfavorable da persoa coordinadora por incumprir o desenvolvemento propio do obxecto da bolsa, previa tramitación dun expediente contraditorio.

A revogación suporá, de ser o caso, o reintegro das cantidades incorrectamente aboadas.

XIII. DISPOSICIÓN ADICIONAL

Todas as dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas polo vicerreitor de Economía e Planificación.

Calquera reclamación ou queixa farase chegar ao vicerreitor de Economía e Planificación a través da persoa coordinadora.

O goce da bolsa suporá a aceptación do previsto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación. (publicado no BOE do 27 de outubro, respecto á alta na Seguridade Social).

Os bolseiros e as bolseiras non adquieren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A concesión da bolsa non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos/as interesados/as aos cadros de persoal da Universidade.

Universidade de Vigo

ANEXO I

CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PROGRAMA DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE E MEDIO AMBIENTE (PLAN SuMA)

Vicerreitoría de Economía e Planificación

IMPRESO DE SOLICITUDE

Denominación da convocatoria:

Convocatoria de bolsas no programa do “Plan de sustentabilidade e medio ambiente (Plan SuMA)”

CANDIDATO/A

APELIDOS:			NOME:
DNI:	ENDEREZO	POSTAL:	
C. POSTAL:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	
CORREO ELECTRÓNICO:	TELÉFONO MÓBIL:		
TELÉFONO FIJO:	MATRICULADO/A EN:		
ÁMBITO DA BOLSA: <input type="checkbox"/> Medio Ambiente e Natureza <input type="checkbox"/> Eficiencia enerxética <input type="checkbox"/> Aproveitamento de RAEs <i>(como máximo só se poderán marcar 2 opciones)</i>			
DISPOÑIBILIDADE XEOGRÁFICA: <input type="checkbox"/> campus de Vigo <input type="checkbox"/> campus de Pontevedra <input type="checkbox"/> campus de Ourense <i>(só para as bolsas de Medio Amb. e Natureza) (marque só a/as opción/s ás que estea disposto a optar)</i>			

Nota: Co fin de facilitar a comunicación de xeito persoal, é indispensable escribir o teléfono móvil ou enderezo de correo electrónico en letras maiúsculas.

II – DOCUMENTACIÓN ENTREGADA (marcar a que proceda)

- 1.- Currículo relacionado co obxecto da convocatoria e declaración xurada
- 2.- Certificación académica oficial dos estudos realizados fóra da Universidade de Vigo
- 3.- Documentos acreditativos de cursos realizados relacionados coa convocatoria
- 4.- Xustificante/s de estar en posesión de outras bolsas distintas ás de axuda ao estudo
- 5.- Informe da persoa directora de estar realizando o proxecto fin de carreira ou a tese de Licenciatura
- 6.- Ficha persoal de pagamentos (anexo II)
- 7.- Declaración co compromiso de matrícula para o curso 15/16 (de non tela formalizada) e 16/17
- 8.- Fotocopia do NIF, NIE ou pasaporte en vigor.....

DECLARACIÓN XURADA

Don/Dona , con DNI , DECLARA: que todos os datos que manifesta neste escrito son verdadeiros; que se compromete a achegar os documentos que así o acrediten; e que entende e coñece todos os termos da convocatoria, en particular, onde se expresa que a ocultación ou falsidade de documentos leva aparellada a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

Vigo, de de 2015

Sinatura

SECCIÓN DE BOLSAS

Universidade de Vigo

ANEXO II

FICHA PERSOAL DE PAGOS POR TRANSFERENCIA

FICHA PERSONAL DE PAGOS POR TRANSFERENCIA

DATOS PERSOAIS / DATOS PERSONALES

DATOS QUE DEBE CUBRIR A PERSOA INTERESADA

Nº. DE CIF OU NIF (Achegar copia)
Nº. DE CIF O NIF (*Adjuntar fotocopia*):

NOME DO PERCEPTOR:
NOMBRE DEL PERCEPTOR:

NOME COMERCIAL:
NOMBRE COMERCIAL:

ENDEREZO FISCAL:
DOMICILIO FISCAL: _____
CÓDIGO POSTAL: _____ POBOACIÓN:
CÓDIGO POSTAL: _____ *POBLACIÓN:* _____
TELÉFONO CON PREFIXO:
TELÉFONO CON PREFIXO:

SELO DA EMPRESA (se procede): **SINATURA:**
SELLO DE LA EMPRESA (si procede): **FIRMA**

DATOS BANCARIOS /DATOS BANCARIOS

CÓDIGO CONTA-CLIENTE / CÓDIGO CUENTA-CLIENTE

IBAN

E S

(cubrir todos los dígitos del IBAN)
(cumplimentar todos los dígitos del IBAN)

ENDEREZO DO BANCO: <i>DIRECCION DEL BANCO:</i>	Poboación <i>Población</i>	C.P.: <i>C.P.:</i>
	Telef	Fax:

**SINATURA E SELO DO BANCO:
FIRMA Y SELLO DEL BANCO:**